



**LUÍS TEIRA PARADA**, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación co **Inventario Xeral de bens inmobles do concello de Ribeira.**

### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

Existe nas dependencias municipais un documento denominado “*Fichas, planos e cartografía do inventario xeral dos bens e dereitos correspondentes a esta corporación*” confeccionado con referencia ao 31 de decembro de 2001. No mesmo aparecen reflectidos os bens inmobles tanto urbanos como rústicos que ten o noso concello. Así pois neste documento plásmase a cartografía, fotografía e fichas con datos de interese sobre todos os bens que ten o nos concello. Estes van dende parques, instalacións deportivas, equipamentos culturais, ata o edificio da casa do concello. Inexplicablemente este “Catálogo Patrimonial” está sen aprobar en pleno e xa leva máis de 6 anos elaborado.

Asemade, tamén forman parte deste catálogo as fontes, lavadoiros, cruceiros, etc é dicir toda a riqueza patrimonial que temos no noso concello. Dende o BNG parécenos moi importante recuperar, poñer en valor e difundir todo este patrimonio etnográfico que representa un elemento propio da nosa forma de ser e por suposto un atractivo turístico.

Lamentablemente moitos destes elementos están esmorecendo e deteriorándose, sen ter un plan de mantemento que os manteña e difunda.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

### **A C O R D O :**

1º Que o Concello de Ribeira oficialice, e actualice se é preciso, a través de **aprobación en pleno deste Inventario Xeral de Bens.**

2º Que **concello de Ribeira elabore un Plan de mellora e mantemento do patrimonio etnográfico** para evitar o deterioro de fontes, lavadoiros, etc.

3º Que o concello de Ribeira lle dé **cumprida difusión aos elementos máis característicos deste patrimonio** a través de sinalización, publicación de folletos, catálogo na web municipal, etc.

Ribeira, 16 de maio de 2008

Asdo.: Luís Teira Parada

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**